
EMILIO

Texto e ilustracións de TOMI UNGERER

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartón. 20 x 28 cm. 32 páx. 16 €.

Emilio (galego)

ISBN 978-84-8464-247-3. Tras os montes.

Emilio (castelán)

ISBN 978-84-8464-246-6. Libros para soñar.

Emili (catalán)

ISBN 978-84-8464-248-0. Llibres per a somniar.

Emílio (portugués)

ISBN 978-989-749-063-7. Livros para sonhar.


O capitán Samofar, famoso mergullador, paseaba tranquilamente polo fondo do mar cando apareceu un feroz tiburón.

O tiburón atacou o capitán Samofar, mais un valente polbo, chamado Emilio, salvouno meténdolle ao peixe unha rocha na boca. Despois Emilio subiu o mergullador ata a superficie...

“Emilio” é un clásico de 1960 que narra as aventuras dun valente e nobre pulpo. Á súa proeza salvando un mergullador do ataque dun tiburón, seguíronlle outras fazañas como socorrista e unha brillante colaboración cos axentes da orde para capturar uns perigosos delincuentes. Despois da boa “Crictor” (1958) e da canguro “Adelaida” (1959), Tomi Ungerer volve escoller un animal pouco convencional para protagonizar unha historia heroica, aberta ao humor e á imaxinación. Curiosamente, dende 1990, Tomi Ungerer é presidente de honra a nivel europeo da Sociedade para a Prevención do Maltrato Animal.

Atribuíndolle virtudes humanas, como a valentía, a afouteza, a intelixencia, a simpatía ou a entrega desinteresada aos demais, o autor constrúe arredor de Emilio un relato sinxelo para primeiros lectores, con altas doses de acción e de emoción. O triunfo do ben sobre o mal, a amizade e a gratitude tamén están presentes nesta divertida obra.

Dende o punto de vista plástico, as ilustracións destacan pola súa simple paleta de cores a base de tons verdes e ocre. Son imaxes para deterse nos detalles, na expresividade dos personaxes e nas trazas cómicas.



-
- **Temática:** valentía, triunfo do ben sobre o mal.
 - **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
 - **Aspectos destacables:** do autor e ilustrador de “Os tres bandidos”, “Crictor”, “Adelaida” e “Onde está o meu zapato?” (Kalandraka); heroísmo, aventuras; amizade; humor, imaxinación; animais, mar.
-

Tomi Ungerer

(Estrasburgo, 1931)

O ambiente bélico dos seus primeiros debuxos reflectía o seu rexeitamento á guerra e ao fascismo. En 1956 emigrou a Nova York, onde comezou a escribir libros infantís que tiveron moito éxito. Publicou en medios tan importantes como The New Yorker, Esquire, Life Show ou Fortune. Xa no cumio da súa carreira durante os anos 60, Ungerer plasmou na súa obra a súa reacción contra a hipocresía e a superficialidade da sociedade americana. Mudouse a unha granxa en Canadá e a finais dos 70 trasladouse a Irlanda coa súa familia. A súa produción, que abrangue catro décadas de creación, calcúlase entre 30.000 e 40.000 traballos de diferentes estilos, e máis de 120 libros. Entre outros galardóns, recibiu a Medalla de Ouro da Sociedade de Ilustradores e o Premio Hans Christian Andersen en 1998. Ao retirarse como debuxante desenvolveu a súa faceta como filántropo, volcándose en causas humanitarias. <http://www.tomiungerer.com>.



www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
